

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Fomento, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente real decreto.

Dado en Madrid o 6 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

13825 *ORDE PRE/2171/2007, do 13 de xullo, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, para incluír as substancias activas fenamifos, etefón, captán, folpet, formetanato, metiocarb, metrafenona, Bacillus subtilis, spinosad e tiametoxam. («BOE» 171, do 18-7-2007.)*

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación nos produtos fitosanitarios. A citada directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outro lado, na Orde do 14 de abril de 1999 establécese o anexo I dese real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no artigo 2.16 do mesmo real decreto como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, ditadas ao abeiro das correspondentes normas comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, foi modificada por sucesivas directivas co fin de incluír no seu anexo I determinadas substancias activas. Así, mediante a Directiva 2006/85/CE da Comisión, do 23 de outubro, inclúense as substancias activas fenamifos e etefón, pola Directiva 2007/5/CE da Comisión, do 7 de febreiro, inclúense as substancias activas captán, folpet, formetanato e metiocarb, e pola Directiva 2007/6/CE da Comisión, do 14 de febreiro, inclúense as substancias activas metrafenona, Bacillus subtilis, spinosad e tiametoxam.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente, ben como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan algunha das substancias activas que se inclúen no anexo I da Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, modificándoas ou retirándoas, de conformidade co establecido para o efecto nesa directiva.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas 2006/85/CE da Comisión, do 23 de outubro, 2007/5/CE da Comisión, do 7 de febreiro, e 2007/6/CE da Comisión, do 14 de febreiro, mediante a inclusión das

substancias fenamifos, etefón, captán, folpet, formetanato, metiocarb, metrafenona, Bacillus subtilis, spinosad e tiametoxam no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, e dítase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira do citado real decreto.

A Comisión interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.*

Inclúense no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, as substancias activas fenamifos, etefón, captán, folpet, formetanato, metiocarb, metrafenona, Bacillus subtilis, spinosad e tiametoxam, coas características e condicións que se especifican no anexo da presente orde.

Disposición adicional única. *Revisión das autorizacións.*

1. A fin de verificar que se cumpren as condicións de inclusión establecidas no anexo da presente orde, as autorizacións existentes dos produtos fitosanitarios que conteñan as substancias activas afectadas, concedidas con anterioridade ao inicio do seu prazo de inclusión, serán revisadas, adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de expirar o respectivo prazo establecido no anexo.

2. A verificación do cumprimento dos requisitos de documentación especificados no artigo 29.1.a) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, contidos no anexo III da Orde do 4 de agosto de 1993, pola que se establecen os requisitos para solicitudes de autorizacións de produtos fitosanitarios, e a avaliación conforme os principios uniformes contidos no anexo da Orde do 29 de novembro de 1995, pola que se establecen os principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, deberanse realizar adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de expirar o prazo para a aplicación dos citados principios uniformes, que para cada unha das substancias activas se indica no anexo desta orde, tendo en conta as conclusións do informe da Comisión Europea.

3. No Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario da Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, quedarán ao dispor dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea a que se refire o número anterior, ben como os da Comisión de Avaliación de Produtos Fitosanitarios previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro. Todo iso con excepción da información confidencial definida no artigo 32 dese real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor para o día seguinte ao da publicación da presente orde no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do establecido na disposición adicional única e do cumprimento dos prazos que para cada substancia activa e para cada fase figuran no anexo.

Madrid, 13 de xullo de 2007.–A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO

Condicións de inclusión das substancias activas fenamifos, etefón, captán, folpet, formetanato, metiocarb, metrafenona, Bacillus subtilis, spinosad e tiametoxam*Condicións da inclusión da substancia activa fenamifos*

Características:

Nome común: fenamifos.

N.º CAS: 22224-92-6.

N.º CIPAC: 692.

Nome químico (IUPAC): (RS)Etil 4-(etililo)-m-tolil isopropil fosforamidato.

Pureza mínima da substancia \geq 940 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como nematicida aplicado mediante rega por goteo en invernadoiros con estrutura permanente.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 14 de xullo de 2006, deberase atender especialmente a:

A protección dos organismos acuáticos, dos organismos do solo que non sexan o albo do tratamento e das augas subterráneas en situacións vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando condenda, medidas de redución de risco.

Deberanse iniciar programas de vixilancia das zonas vulnerables para controlar a posibilidade de contaminación das augas subterráneas.

Prazo para a inclusión: do 1 de agosto de 2007 ao 31 de xullo de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xullo de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xaneiro de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xullo de 2011 para os produtos que conteñan fenamifos como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser o fenamifos unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa etefón

Características:

Nome común: etefón.

N.º CAS: 16672-87-0.

N.º CIPAC: 373.

Nome químico (IUPAC): ácido 2-(cloroetil)fosfónico.

Pureza mínima da substancia: \geq 910 g/kg (material técnico -TC).

As impurezas de fabricación MEPHA (éster de mono 2-cloroetilo, ácido 2-cloroetil fosfónico) e 1,2-dicloroetano considéranse de importancia toxicolóxica e non deben exceder 20 g/kg e 0,5 g/kg, respectivamente no material técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como regulador do crecemento vexetal.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes atenderase ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 14 de xullo de 2006.

Prazo para a inclusión: do 1 de agosto de 2007 ao 31 de xullo de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xullo de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xaneiro de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xullo de 2011 para os produtos que conteñan etefón como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser a etefón unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa captán

Características:

Nome común: captán.

N.º CAS: 133-06-2.

N.º CIPAC: 40.

Nome químico (IUPAC): N-(triclorometilto) ciclohex-4-eno-1,2-dicarboximida

Pureza mínima da substancia: \geq 910 g/kg.

Impurezas: perclorometilmercaptán (R005406): máx. 5 g/kg; folpet: máx. 10 g/kg; tetracloruro de carbono: máx. 0,01 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan captán para outros usos que os tomates, prestarase especial atención aos criterios mencionados no artigo 15, número 3, alínea b) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, e deberanse facilitar todos os datos e a información necesarios antes de conceder a autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes segundo o informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal e, en particular, os seus apéndices I e II, na súa reunión do 29 de setembro de 2006, deberase atender especialmente a:

A seguranza dos operarios e traballadores; as condicións de uso autorizadas exixirán a utilización de equipamentos de protección individual adecuados e de medidas de redución do risco para reducir a exposición.

A exposición alimentaria dos consumidores co obxecto de revisar no futuro os límites máximos de residuos.

A protección de augas subterráneas en condicións vulnerables; as condicións de autorización incluírán, se procede, medidas de redución do risco e iniciar programas de vixilancia nas zonas vulnerables.

A protección das aves, dos mamíferos e dos organismos acuáticos, e incluír nas correspondentes autorizacións, medidas de protección do risco.

Solicitarase que se presenten estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco a longo prazo para as aves e os mamíferos, ben como a avaliación toxicolóxica sobre metabolitos potencialmente presentes nas augas subterráneas en condicións vulnerables. Os notificadores por instancia dos cales se incluíu o captán neste

anexo facilitarán eses estudos no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo para a inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para os produtos que conteñan captán como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser o captán unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa folpet

Características:

Nome común: folpet.

N.º CAS: 133-07-3.

N.º CIPAC: 75.

Nome químico (IUPAC): N-(triclorometilto)ftalimida

Pureza mínima da substancia: ≥ 940 g/kg.

Impurezas: perclorometilmercaptán (R005406): máx. 3,5 g/kg; tetracloruro de carbono: máx. 4 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan folpet para outros usos que o trigo de inverno, atenderase aos criterios mencionados no artigo 15, número 3, alínea b) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se facilitarán todos os datos e a información necesarios antes de conceder a autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes segundo o informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal e, en particular, os seus apéndice I e II, na súa reunión do 29 de setembro de 2006, deberase atender especialmente a:

A seguranza dos operarios e traballadores; as condicións de uso autorizadas exixirán a utilización de equipamentos de protección individual adecuados.

A exposición alimentaria dos consumidores co obxecto de revisar no futuro os límites máximos de residuos.

A protección das aves, dos mamíferos e dos organismos acuáticos e do solo, as condicións de autorización incluírán medidas de redución do risco.

Solicitarase que se presenten estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para as aves, os mamíferos e as miñocas. O notificador por instancia do cal se incluíu o folpet neste anexo facilitará eses estudos no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo para a inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para os produtos que conteñan folpet como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no

anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser o folpet unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa formetanato

Características:

Nome común: formetanato.

N.º CAS: 23422-53-9.

N.º CIPAC: 697.

Nome químico (IUPAC): 3-dimetilaminometileno aminofenil metilcarbamato.

Pureza da substancia activa: ≥ 910 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida e acaricida.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan formetanato para outros usos que os correspondentes aos tomates de campo e as plantas ornamentais, atenderase aos criterios mencionados no artigo 15, número 3, alínea b) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se facilitarán todos os datos e a información necesarios antes de conceder a autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes segundo o informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal e, en particular, os seus apéndice I e II, na súa reunión do 29 de setembro de 2006, deberase atender especialmente a:

A protección das aves, dos mamíferos, dos artrópodos que non sexan albo do tratamento e as abellas, e incluír nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

A seguranza dos operarios e incluír nas condicións de uso a utilización de equipamentos de protección individual adecuados.

A exposición alimentaria dos consumidores co obxecto de revisar no futuro os límites máximos de residuos.

Solicitarase que se presenten estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para as aves, os mamíferos e os artrópodos que non sexan albo do tratamento. O notificador por instancia do cal se incluíu o formetanato no presente anexo facilitará eses estudos no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo para a inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para os produtos que conteñan formetanato como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser a formetanato unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa metiocarb

Características:

Nome común: metiocarb.

N.º CAS: 2032-65-7.

N.º CIPAC: 165.

Nome químico (IUPAC): 4-metiltio-3,5-xilil metilcarbato.

Pureza da substancia activa: ≥ 980 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como repelente no tratamento de sementes, como insecticida e molusquicida.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan metiocarb para outros usos que os correspondentes ao tratamento de sementes de millo, atenderase aos criterios mencionados no artigo 15, número 3, alínea b) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se facilitarán todos os datos e a información necesarios antes de conceder a autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes segundo o informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal e, en particular, os seus apéndices I e II, na súa reunión do 29 de setembro de 2006, deberase atender especialmente a:

A protección das aves, dos mamíferos, dos artrópodos que non sexan albo do tratamento, e incluír nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

A seguranza dos operarios e das persoas alleas á utilización dos produtos e incluír nas condicións de uso a utilización de equipamentos de protección individual adecuados.

A exposición alimentaria dos consumidores co obxecto de revisar no futuro os límites máximos de residuos.

Solicítase que se presenten estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para as aves, os mamíferos e os artrópodos que non sexan o albo do tratamento, ben como para confirmar a avaliación toxicolóxica sobre metabolitos potencialmente presentes nas colleitas. O notificador por instancia do cal se incluíu o metiocarb neste anexo facilitará eses estudos no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo para a inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de marzo de 2008.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2011 para os produtos que conteñan metiocarb como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser a metiocarb unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa metrafenona

Características:

Nome común: metrafenona.

N.º CAS: 220899-03-6.

N.º CIPAC: 752.

Nome químico (IUPAC): 3'-bromo-2,3,4,6'-tetrametoxi-2',6-dimetilbenzofenona.

Pureza da substancia activa: ≥ 940 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes atenderase ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal e, en particular, os seus apéndices I e II, na súa reunión do 14 de xullo de 2006.

Conforme o artigo 13, número 5 da Directiva 91/414/CEE informarase sobre as especificacións do material técnico fabricado comercialmente.

Prazo para a inclusión: do 1 de febreiro de 2007 ao 31 de xaneiro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xaneiro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xullo de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xullo de 2008 para os produtos que conteñan metrafenona como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser a metrafenona unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa Bacillus subtilis

Características:

Nome común: Bacillus subtilis (Cohn 1872).

Estirpe QST 713, idéntica á estirpe AQ 713.

Colección de cultivos N.º NRRL B -21661.

N.º CIPAC: sen asignar.

Nome químico (IUPAC): non aplicable.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes atenderase ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal e, en particular, os seus apéndices I e II, na súa reunión do 14 de xullo de 2006.

Prazo para a inclusión: do 1 de febreiro de 2007 ao 31 de xaneiro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xaneiro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xullo de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xullo de 2008 para os produtos que conteñan Bacillus subtilis como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser a Bacillus subtilis unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa spinosad

Características:

Nome común: spinosad.

N.º CAS: 131929-60-7 (Spinosyn A).

131929-63-0 (Spinosyn D).

N.º CIPAC: 636.

Nome químico (IUPAC):

Spinosyn A: (2 R, 3aS, 5 aR, 5bS, 9 S, 13 S, 14R, 16aS, 16bR)-2-(6-deoxi-2,3,4-tri-O-metil--L-manopiranosiloxi)-13-(4-dimetilamino-2,3,4,6-tetradexi--D-eritropiranosiloxi)-9-etil-2,3,3.^a,5.^a,5b,6,7,9,10,11,12,13,14,15,16.^a,16b-hexadecahidro-14-metil-1H-8-oxaciclododeca[b]as-indaceno-7,15-diona.

Spinosyn D: (2 S, 3aR, 5aS, 5 bS, 9 S, 13 S, 14R, 16aS, 16bS)-2-(6-deoxi-2,3,4-tri-O-metil--L-manopiranosiloxi)-13-(4-dimetilamino-2,3,4,6-tetradexi--D-eritropiranosiloxi)-9-etil-2,3,3a,5a,5b,6,7,9,10,11,12,13,14,15,16a,16b-hexadecahidro-4,14-dimetil-1H-8-oxaciclododeca[b]as-indaceno-7,15-diona.

O spinosad é unha mestura dun 50-95% de spinosyn A e un 5-50% de spinosyn D.

Pureza da substancia activa: ≥ 850 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal e, en particular, os seus apéndices I e II, na súa reunión do 14 de xullo de 2006, deberase atender especialmente a:

A protección dos organismos acuáticos, e incluír nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

As miñocas, cando a substancia se use en invernaoiros, e incluír nas autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo para a inclusión: do 1 de febreiro de 2007 ao 31 de xaneiro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xaneiro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xullo de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xullo de 2008 para os produtos que conteñan spinosad como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser o spinosad unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

Condicións da inclusión da substancia activa *tiametoxam*

Características:

Nome común: tiametoxam.

N.º CAS: 153719-23-4.

N.º CIPAC: 637.

Nome químico (IUPAC): (E,Z)-3-(2-cloro-tiazol-5-ilmetil)-5-metil-[1,3,5]oxadiazinan-4-ilideno-N-nitroamina.

Pureza da substancia activa: ≥ 980 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal e, en particular, os seus apéndices I e II, na súa reunión do 14 de xullo de 2006, atenderase especialmente a:

O risco de contaminación das augas subterráneas, particularmente da substancia activa e os seus metabolitos NOA 459602, SYN 501406 e CGA 322704, cando a substancia se aplique en zonas onde as condicións do solo ou climáticas sexan delicadas.

A protección dos organismos acuáticos, e incluír nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

O risco a longo prazo para os pequenos herbívoros se a substancia se usa para o tratamento de sementes, e incluír cando corresponda medidas de redución do risco.

Prazo para a inclusión: do 1 de febreiro de 2007 ao 31 de xaneiro de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xaneiro de 2007.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xullo de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xullo de 2008 para os produtos que conteñan tiametoxam como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, para esa data.

Protección de datos: por ser o tiametoxam unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.